

Nome:

Curso:

Data:

Os viquingos

- 1** Imaxina que es un viquingo e que te embarcaches para conquistar novas terras. Le o texto e completa as actividades.


Os frecuentes e infortunados ataques dos normandos non diminuían en absoluto e o abade construíu na illa un castelo para protexerse contra este pobo infiel [...]. Toman todas as cidades que atravesan sen que ninguén se lles resista; toman as de Bordeos, Périgueux, Saintes, Limoges, Angulema e Toulouse, mentres Angers, Tours e incluso Orleans son destruídas. [...]

Uns anos despois, un número incalculable de navíos normandos remonta o curso do Sena. A desgraza medra nesta rexión. A cidade de Rouen é invadida, saqueada e incendiada; París, Beauvais e Meaux son tomadas; a praza forte de Melun, devastada; Char-

tres, ocupada; Évreux, saqueada, mentres Bayeux e outras cidades son invadidas sucesivamente. Non hai localidade nin mosteiro que sexa respectado; todos os habitantes foxen, e son raros os que se atreven a dicir: Ficade, ficade, resistide, loitade pola vosa terra, polos vosos fillos, pola vosa familia! No seu letargo, no medio das súas rivalidades recíprocas, rescatan co prezo dos seus tributos o que terían que defender coas armas na man, e deixan ensombrecer o reino dos cristiáns. Despois, os normandos atacaron tamén España, baixaron polo Ródano e devastaron Italia.

MONXES DE NOIRMOUTIER, *Os milagres de san Filiberto*

- De que pobo fala o texto?
- Que cidades saquearon? Márcaas no mapa.
- Quen escribe o texto? De onde eran?
- Completa o mapa segundo a lenda.
- Despois, explica o percorrido que fixeron os viquingos. A que territorios chegaron?



- 2** O texto anterior foi escrito por uns monxes. Resolve as seguintes cuestións.

- Na Idade Media, a vida cotiá estaba marcada pola relixión. Enumera tres trazos que demostren esta afirmación.
- Completa as frases seguintes:
 - a. Na Idade Media, a Igrexa era unha poderosa institución de carácter político e económico porque...
 - b. O cristianismo era a relixión maioritaria en Europa e un dos elementos que máis contribuíu a...
 - c. Os campesiños pagaban á Igrexa o décimo, que era...
- Onde vivían os monxes? Como era a vida alí? Que actividades realizaban?

- 3** Como viquingo que es, saíches do teu poboado en busca de novas terras. Observa as dúas imaxes, unha é o teu poboado e a outra é o feudo dun señor ao que chegaches. Contesta as preguntas.



- Cal delas é a túa aldea e cal o feudo?
 - Cres que a vida nestes lugares era moi diferente?
 - Cal debía ser a principal actividade económica?
 - Como eran as vivendas en cada lugar?
 - Como estaban edificadas?
- 4** A partir destas invasións correu o temor de que a fin do mundo estaba cerca. Busca información e marca cales das crenzas sobre este período son verdadeiras.

Os normandos foron os que máis fomentaron esta idea.	
A idea xeneralizouse apoiada pola Apocalipse de san Xoán.	
Houbo numerosas revoltas e fames que favoreceron esta crenza.	
Os nobres amurallaron os seus castelos para protexerse da fin do mundo.	
Ante a chegada do ano 2000 houbo un renacemento desta idea.	
A inestabilidade dos gobernos tamén foi un factor decisivo.	
As segundas ondas invasoras non influíron na idea de que chegaba a fin do mundo.	

- 5** O teu barco alcanzou as costas da península ibérica. Le o seguinte texto e contesta as preguntas.
<http://www.lavozdelsur.es/vikingos-en-el-valle-del-guadalquivir>.

- Que puido levar os viquingos á busca doutras terras?
 - Que lugares da península ibérica asaltaron?
 - Quen vivían entón neses lugares da Península?
 - Como foron as relacións entre eles?
 - Que outras zonas invadiron en posteriores incursións?
- 6** Imaxina que es un monxe que vive arredor do ano 999. Redacta un escrito no caderno en que expliques como é o mundo que te rodea. Cales serían os teus temores ante a chegada do ano 1000?